

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE UNIVERSIDADES

**12613** *Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios.*

Desde a aprobación da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, ata a actualidade, na segunda metade do ano 2020, as institucións universitarias no noso país configuraron progresivamente un potente e dinámico sistema universitario, con niveis de calidade docente e investigadora, e cada vez máis tamén en termos de transferencia de coñecemento e innovación, contrastables aos dos países da nosa contorna europea. A incorporación plena, a partir de 2007, ao Espazo Europeo de Educación Superior reforzou este proceso transformador, e as estruturas docentes converxeron coas predominantes en Europa, todo o cal acelerou de forma idéntica as interconexións académicas e investigadoras do persoal docente e investigador con outros centros de educación superior estranxeiros. Estes procesos abrían, así mesmo, novos retos para o sistema universitario español, entre os cales cómpre salientar a atracción de talento internacional.

A lexislación que en materia de política universitaria se sucedeu desde entón, a través da promulgación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, construíu a estrutura legal e competencial que conduciu este vasto proceso de modernización do tecido universitario en España.

Algunhas das principais transformacións protagonizadas nestes anos pola universidade foron o cambio na estrutura e organización da docencia ao adoptárense os principios do Espazo Europeo de Educación Superior; unha maior interrelación cos axentes sociais, institucionais e económicos; un desenvolvemento considerable da actividade de investigación que foi impulsada por grupos e institutos de investigación cuxo número e calidade é cada vez maior, e unha crecente presenza da institución universitaria na sociedade. A elas engádense dous feitos importantes: o aumento notable do número de estudantes (entre 1983 e o 2020 duplicáronse, datos que corroboran o esforzo de toda a sociedade para ampliar o acceso da cidadanía aos estudos universitarios) e un incremento moi considerable do número de universidades e de centros e departamentos de educación superior. En efecto, en 1983 estaban activas en España un total de trinta e tres universidades públicas e catro privadas, mentres que no ano 2020 o noso país contaba con cincuenta universidades públicas e trinta e sete privadas e da Igrexa Católica. Estas institucións de educación superior sumaban 770 facultades e escolas en 1983, que en 2020 ascenderon ata 1.061.

Esta complexidade do sistema universitario español levou a diversos gobernos, nestes anos, a establecer unha normativa legal específica ao redor da creación de universidades, en canto que desenvolvemento da lexislación de carácter orgánico vixente en cada momento en materia universitaria. Este sería o sentido, tanto do Real decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios, como da norma que o sucedeu, que foi o Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.

Agora requírese dunha nova regulación que lles permita ás administracións públicas dispoñeren de instrumentos normativos para xestionar, ordenar e planificar con maior capacidade as iniciativas en aumento de creación de universidades ou de centros universitarios. Como, igualmente, é necesaria esta norma para que esa xestión das estruturas universitarias se estenda ás novas modalidades de universidade que están

emerxendo relacionadas coa docencia virtual ou non presencial, e que, pola súa propia natureza, comportan que o seu estudiantado poida residir en calquera lugar de España ou do estranxeiro.

Esta norma, que substitúe o Real decreto 420/2015, do 29 de maio, parte pois dun principio clave: as administracións públicas deben velar pola calidade do proxecto e das actividades académicas das universidades da súa competencia, sexan públicas ou privadas, ou sexan basicamente de modalidade presencial, virtual e híbrida. Para iso é necesario que a normativa facilite esa actuación de fomento e aseguramento da calidade institucionalmente considerada como adecuada para todo o Sistema universitario español. Iso, así mesmo, permite que as universidades actuais e aquelas iniciativas de novos proxectos coñezan previamente os requisitos de calidade establecidos para todo o sistema e que afectan tanto a creación dunha nova facultade ou escola nunha universidade xa existente como a adscrición dun centro a unha universidade pública ou privada, ou a creación dunha nova universidade. De igual modo, ofrece un marco no cal as comunidades autónomas poden planificar e ordenar o desenvolvemento presente e futuro das estruturas de educación superior no territorio no cal desenvolven as súas competencias.

Desde esta formulación, estes requisitos de calidade para todo o sistema universitario parten de considerar as funcións fundamentais que as universidades desempeñan nas sociedades contemporáneas, como son a formación de futuros profesionais, a investigación, a transferencia de coñecemento, a formación de cidadás e de cidadáns, o fomento da innovación, a contribución ao desenvolvemento social, cultural, económico e territorial, e a xeración de pensamento crítico. Estas funcións son as que confiren sentido último á universidade como unha institución multidimensional ao servizo do conxunto da sociedade. Por todo iso, esta visión holística da universidade actual comporta que os requisitos de calidade do sistema universitario garantan uns niveis adecuados especialmente en docencia e en investigación, funcións esenciais a partir das cales converxen o resto das que acometen as institucións universitarias. Non se pode concibir, no seo do Sistema universitario español, unha universidade que non desenvolva plenamente as súas actividades de docencia e de investigación.

O establecemento destes requisitos nesta norma efectúase baixo os parámetros do aseguramento da calidade, da racionalización e simplificación de procedementos, da eficacia e viabilidade destes, da ponderación na súa proposta e da transparencia en todos os procesos de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e de centros universitarios.

Ao mesmo tempo, cabe engadir un segundo principio importante nesta norma, o da corresponsabilidade na xestión e garantía da calidade, no cal participan as administracións, as axencias de aseguramento da calidade e as universidades. Esta corresponsabilidade aséntase, primordialmente, no proceso de acreditación institucional, baseado no recoñecemento da capacidade para garantir a calidade académica dos sistemas internos de que, para tal efecto, dispoñen universidades e centros. Este recoñecemento certifícano as axencias de aseguramento da calidade do noso país e posibilita que as universidades (a institución como tal e cada un dos centros que as conforman) poidan desenvolver as súas propias políticas, programas e procedementos para garantir a calidade académica que debe caracterizar todo o sistema, todos os cales se deben guiar polas orientacións que establecen neste sentido as axencias de aseguramento da calidade e que seguen as directrices europeas sobre esta temática.

A potenciación da acreditación institucional é esencial para axilizar e facer máis transparentes e eficientes os procesos de verificación (ou acreditación *ex-ante*) e de renovación da acreditación para os títulos oficiais universitarios. A transcendencia deste feito comporta que esta norma especifique na proposta de creación dunha nova universidade ou centro, ou de adscrición dun centro a unha universidade, o compromiso para desenvolver un sistema interno de aseguramento de calidade que, unha vez certificado, poida permitir que os diferentes centros poidan acadar ese nivel de acreditación institucional.

Este real decreto estrutúrase en catro capítulos que agrupan dezasete artigos, xunto cunha exposición de motivos inicial, as disposicións e catro anexos. O capítulo I, dedicado ás disposicións xerais, pon o foco en expoñer os principios e os obxectivos que estruturan este real decreto. O capítulo II versa sobre as universidades que imparten ensinanzas que conducen á obtención de títulos, a súa creación ou recoñecemento. O capítulo III expón os fundamentos e os procedementos esenciais da acreditación institucional. O capítulo IV delimita as principais características que deben reunir os centros que impartan títulos que permitan a consecución de títulos estranxeiros e de ámbito similar ao universitario. Por último, engádesse un conxunto de disposicións que complementan a norma. Estas están acompañadas de catro anexos explicativos dos requisitos establecidos.

O real decreto axústase aos principios de boa regulación que se establecen no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e respecta o pleno exercicio das súas competencias por parte das comunidades autónomas. Así, responde ao principio de necesidade, en canto que persegue un interese xeral ao facilitar unha clarificación normativa que beneficia todo o Sistema universitario español, para o cal conta co consenso dos seus principais axentes. En relación cos principios de eficacia, seguridade xurídica e eficiencia, a nova norma proporciona un marco regulatorio para a creación, autorización, recoñecemento e acreditación de universidades e centros universitarios que segue os principios do Espazo Europeo de Educación Superior e, polo demais, resulta coherente co ordenamento xurídico español e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Respecto ao principio de proporcionalidade, non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Por último, en canto ao principio de transparencia, durante o procedemento de elaboración da norma facilitouse a participación activa dos potenciais destinatarios a través dos trámites de consulta pública e de audiencia e información pública.

Este real decreto dítase en aplicación do mandato contido no número 3 do artigo 4 e no artigo 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e en uso da habilitación de desenvolvemento regulamentario a favor do Goberno efectuada pola disposición derradeira terceira da dita lei orgánica.

Este real decreto someteuse a informe do Consello de Universidades, do Consello de Estudantes Universitarios do Estado e da Conferencia Xeral de Política Universitaria, e foron, ademais, consultadas as axencias de aseguramento da calidade.

Este real decreto ampárase no disposto nas regras 1.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> do artigo 149.1, que lle atribúen ao Estado a competencia para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais, e en materia de normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia educativa, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Universidades, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer os requisitos básicos para a creación de universidades públicas e o recoñecemento de universidades privadas, así como para a creación e o recoñecemento de centros universitarios, cuxa finalidade sexa a impartición da docencia de títulos oficiais universitarios e a xeración e a transferencia do

coñecemento científico, tecnolóxico e humanístico a través das actividades de investigación, así como o desenvolvemento do resto de funcións previstas na normativa vixente. Así mesmo, o real decreto regula o procedemento para a autorización do inicio das actividades académicas.

2. Tamén é obxecto deste real decreto determinar os requisitos básicos para a adscrición dun centro a unha universidade pública ou privada, regular o procedemento de acreditación institucional dos centros universitarios, así como establecer o procedemento para a obtención da autorización para que universidades e centros poidan impartir docencia conducente á obtención dun título universitario estranxeiro.

Artigo 2. *Denominacións: universidade e centros universitarios.*

1. Poderanse denominar «universidades» unicamente aquelas institucións que fosen creadas ou recoñecidas como tales ao abeiro da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e que cumpran co establecido neste real decreto.

2. Poderanse denominar «centros universitarios» aqueles que fosen creados ou recoñecidos como tales ao abeiro da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e cuxas denominacións poderán ser as de escolas, facultades, institutos universitarios de investigación e escolas de doutoramento, así como aqueloutros centros ou estruturas necesarios para o desenvolvemento das funcións que lle son propias á universidade. Os ditos centros poderán ser propios ou adscritos.

3. A denominación de «universidade» e de «centros universitarios» queda exclusivamente referida ao estipulado nos números 1 e 2 deste artigo. En ningún caso se poderán utilizar estas ou outras denominacións que, polo seu significado, poidan inducir a confusión por parte de calquera persoa natural ou xurídica, pública ou privada, que non cumpra co disposto neste real decreto.

## CAPÍTULO II

### **Universidades que imparten ensinanzas conducentes a títulos oficiais do Sistema universitario español**

Artigo 3. *Creación e recoñecemento de universidades.*

1. A creación das universidades públicas e o recoñecemento das universidades privadas, que neste último caso terá carácter constitutivo, de acordo co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, levarase a cabo:

a) Mediante lei da Asemblea Lexislativa da comunidade autónoma en cuxo territorio se vaian situar, logo de informe preceptivo da Conferencia Xeral de Política Universitaria. A proposta do dito informe será elaborada polo Ministerio de Universidades.

b) Mediante lei das Cortes Xerais por proposta do Goberno, de acordo co Consello de Goberno da comunidade autónoma en cuxo ámbito territorial se deban establecer cando se trate de universidades de especiais características, e logo de informe preceptivo da Conferencia Xeral de Política Universitaria. A proposta do dito informe será elaborada polo Ministerio de Universidades.

2. O informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, que se pronunciará en termos favorables ou desfavorables á creación dunha universidade pública ou ao recoñecemento dunha universidade privada, deberá ter en conta as condicións e os requisitos establecidos neste real decreto e, así mesmo, a normativa que establezan as comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

*Artigo 4. Condicións e requisitos para a creación e o recoñecemento dunha universidade ou dun centro universitario no Sistema universitario español.*

1. Ademais do previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, para a creación ou o recoñecemento, segundo proceda, dunha universidade e da normativa que, de ser o caso, establezan as comunidades autónomas en exercicio das súas competencias, deberanse cumprir as condicións e os requisitos establecidos neste real decreto en relación coa súa actividade docente, coa súa actividade investigadora e de transferencia do coñecemento, co seu persoal docente e investigador, e coa dispoñibilidade e características das instalacións e dos equipamentos.

2. Para iniciar o proceso de creación ou recoñecemento dunha universidade ou, de ser o caso, dun centro universitario, e a súa posterior autorización para o inicio das actividades académicas, deberase presentar unha memoria ou documentación (en diante, memoria) xustificativa do cumprimento das condicións e dos requisitos exixidos por este real decreto e, de igual forma, pola normativa da comunidade autónoma en que se localizaría a sede da universidade ou, de ser o caso, o centro. A dita memoria deberase presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, salvo para a creación dunha universidade de ámbito estatal, caso en que se deberá facer ante o Ministerio de Universidades. No caso de que o procedemento se inicie ante unha comunidade autónoma, esta solicitaralle o informe á Conferencia Xeral de Política Universitaria a que se fai referencia no artigo 3.1 e remitirá para iso unha copia da memoria ao Ministerio de Universidades, que dará traslado dela á Conferencia Xeral de Política Universitaria.

*Artigo 5. Condicións e requisitos para a creación e o recoñecemento dunha universidade no ámbito da actividade docente.*

1. As universidades deberán dispoñer dunha oferta académica conformada por títulos universitarios oficiais de grao, de máster e de doutoramento. Concretamente, establécese como requisito no Sistema universitario español que unha universidade conte, como mínimo, cunha oferta de ensinanzas conducentes á obtención de dez títulos oficiais de grao, seis títulos oficiais de máster e dous programas oficiais de doutoramento.

No conxunto desta oferta estarán representadas, como mínimo, tres das cinco grandes ramas do coñecemento (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura, que, pola súa vez, agrupan os diversos ámbitos do coñecemento), sen prexuízo do establecido na normativa autonómica aplicable a esta materia.

2. Os títulos poderanse impartir nas modalidades docentes presencial, virtual e híbrida. Para estes efectos, a expresión modalidade docente virtual fai referencia á modalidade docente non presencial, e a modalidade docente híbrida, á modalidade docente semipresencial, que combina as modalidades docentes presencial e virtual.

3. Na memoria deberase incluír un plan de desenvolvemento da programación universitaria que inclúa tanto as titulacións que se ofertarán ao comezo da actividade académica oficial como aquelas outras que conformarán unha planificación aos cinco anos da actividade docente. De igual forma, neste plan deberanse indicar, como mínimo, o calendario de implantación da oferta académica, a posta en funcionamento dos centros en cuxa oferta se incorporarán as diversas titulacións, o número de prazas para cada título que se ofrecerá e as instalacións e os equipamentos necesarios para o desenvolvemento adecuado e de calidade da actividade formativa. Así mesmo, fixaranse os procedementos e os órganos responsables de emitir os informes de seguimento da calidade anuais de cada unha das titulacións oficiais.

4. En todo caso, despois de cinco anos do inicio das actividades académicas oficiais dunha universidade, o estudantado de grao (e dobres graos) deberá supoñer, como mínimo, o 50 por cento do total do estudantado matriculado en ensinanzas oficiais da dita institución de educación superior. Co obxecto de potenciar a internacionalización



das universidades, no caso daquelas en que a porcentaxe de estudantes estranxeiros matriculados no conxunto de títulos oficiais de máster que oferta sexa superior ao 50 por cento do total do estudantado matriculado nestas ensinanzas oficiais, establécese nun 35 por cento o límite mínimo de estudantes matriculados en títulos oficiais de grao (e dobres graos) con relación ao total do estudantado matriculado no conxunto das ensinanzas oficiais na dita universidade.

5. As universidades cuxa oferta docente vaia ser maioritariamente impartida en modalidade virtual deberán especificar, para cada título oficial, se se articulará docentemente de forma sincrónica ou asincrónica, ou conxugando as dúas modalidades; a plataforma tecnolóxica que se utilizará como campus virtual docente e as súas principais características técnicas e funcionais; o tipo de equipamentos e instalacións tecnolóxicas de que se dispoñerá para o funcionamento da actividade formativa; os equipamentos informáticos de que deberá dispoñer o estudantado para o desenvolvemento adecuado da súa actividade; os sistemas de avaliación xerais da aprendizaxe e progreso do estudantado; os sistemas de prácticas académicas externas, con indicación de se serán virtuais ou presenciais, e a programación que se despregará desde o inicio e nos anos sucesivos de formación do profesorado en habilidades técnicas e competencias docentes non presenciais. Así mesmo, deberanse consignar detalladamente os requisitos e as exixencias de calidade do conxunto da oferta universitaria virtual ou híbrida e a forma en que se articulará o seguimento das titulacións e a coordinación académica de cada unha delas.

6. As universidades, no exercicio das súas competencias e desenvolvemento das súas funcións formativas ao longo da vida, poderán impulsar, de igual modo, ensinanzas propias, en especial programas docentes de formación permanente. Neste sentido, o número de estudantes matriculados nunha universidade en títulos propios de formación permanente non poderá superar en dúas veces o número de estudantes matriculados en títulos oficiais. Esta regra aplicarase no caso das universidades de nova creación aos cinco anos desde o inicio da súa actividade. Así mesmo, os títulos propios de formación permanente con rango e denominación de «máster» deberán contar, previamente á súa aprobación e activación por parte da universidade, cun informe favorable do sistema interno de garantía da calidade da correspondente universidade ou centro.

7. As universidades deberán velar pola calidade de toda a súa oferta académica (oficial e propia, incluída nesta a formación permanente) a través dos sistemas internos de garantía da calidade, que deberán ser certificados pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (en diante, ANACA) ou polas axencias de calidade creadas mediante lei das comunidades autónomas en cuxo territorio se establece a universidade. En concreto, na memoria da proposta de creación ou recoñecemento dunha universidade incorporárase o compromiso de poñer en marcha este sistema nun prazo máximo de cinco anos e a súa temporalidade e funcións específicas.

8. As universidades deberán incorporar á memoria unha estratexia e programación para promover a internacionalización das súas actividades académicas e a mobilidade do estudantado e do profesorado.

*Artigo 6. Condicións e requisitos para a creación e o recoñecemento dunha universidade na actividade investigadora e de transferencia de coñecemento.*

1. As universidades deberán desenvolver a actividade investigadora e de transferencia de coñecemento do seu persoal docente e investigador.

2. Na memoria deberase incluír unha programación plurianual da actividade investigadora, cuxas áreas científicas deberán ser coherentes coas titulacións de grao e de máster e, especialmente, cos programas de doutoramento que se desenvolvan.

3. A dita programación deberá incluír os grupos de investigación que inicialmente se constituirán, a dotación de equipamentos e infraestruturas científico-técnicas dispoñibles e aquelas que se prevén, de tal forma que viabilicen e garantan o desenvolvemento da programación plurianual investigadora, a participación en proxectos de investigación competitivos (autonómicos, estatais e internacionais) e os mecanismos

para incentivala no persoal docente e investigador, os recursos orzamentarios propios destinados ao fomento da investigación, as medidas que se pretende poñer en marcha para a captación de talento, as estratexias de colaboración cos sectores produtivos e institucionais mediante a transferencia do coñecemento e a innovación e, por último, deberá detallar o sistema de indicadores que a universidade desenvolverá para o seguimento das actividades investigadoras, que debe ser contrastable cos criterios utilizados pola ANACA, a Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNAAI) ou as axencias das comunidades autónomas para a acreditación do profesorado universitario e a avaliación da súa actividade investigadora.

4. Neste sentido, as universidades deberán dedicar, polo menos, un 5 por cento do seu orzamento a un programa ou programas propios de incentivación da investigación, en canto esta actividade constitúe unha das finalidades esenciais delas. Nesta porcentaxe poderanse incluír os custos derivados da contratación de recursos humanos dedicados esencialmente a tarefas de investigación e transferencia de coñecemento e non a docencia, das convocatorias propias de proxectos, dos investimentos en infraestruturas científico-técnicas, da amortización de equipamentos de investigación e da adquisición de recursos bibliográficos e documentais físicos ou virtuais para investigación, así como o persoal contratado con carácter temporal. Non se poderán incluír os custos derivados da remuneración dos salarios do cadro de persoal docente e investigador nin do persoal de administración e servizos. Na memoria deberanse indicar tanto os valores e as porcentaxes no momento de inicio da actividade como a súa proxección nos seguintes cinco anos.

*Artigo 7. Condicións e requisitos para a creación e o recoñecemento dunha universidade con relación ao persoal docente e investigador.*

1. As referencias neste artigo ao persoal docente e investigador entenderase que se circunscriben a aquel persoal que imparte docencia e desenvolve o resto das actividades que son propias do profesorado universitario.

2. O persoal docente e investigador das universidades rexerese polo disposto no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e polas previsións contidas neste artigo.

3. O persoal docente e investigador con contrato laboral temporal non poderá exceder o 40 por cento do cadro de persoal docente das universidades e centros universitarios.

4. O número total de membros do persoal docente e investigador nunha universidade non será inferior ao que resulte de aplicar a relación 1/25 respecto ao número total de estudantes matriculados en ensinanza universitaria de carácter oficial. Esta ratio entenderase referida a persoal docente e investigador computado en réxime de dedicación a tempo completo ou o seu equivalente a tempo parcial.

5. A ratio fixada no número 4 anterior poderase modular cando a universidade imparta ensinanzas na modalidade virtual, que poderá oscilar entre 1/25 e 1/50 en función do nivel de experimentalidade das titulacións e da maior ou menor presencialidade –poderanse establecer excepcións xustificadas, que en ningún caso poderán superar a ratio 1/100, que deberán contar con autorización expresa da Administración competente–. Este criterio aplicarase na parte non presencial das titulacións impartidas en modalidade híbrida.

6. O persoal docente e investigador que imparta docencia nas universidades estará composto, como mínimo, por:

a) Un 50 por cento de doutores e doutoras para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención dun título universitario oficial de grao e para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención dun título universitario oficial de máster.

b) A totalidade do profesorado da universidade encargado da impartición das ensinanzas de doutoramento deberá estar en posesión do título de doutor ou de doutora.

c) Os doutores e doutoras a que se fai referencia nos puntos anteriores deben pertencer a ámbitos de coñecemento que sexan coherentes coa programación docente e investigadora da universidade.

7. Para estes efectos, o número total de membros do profesorado computarase sobre o equivalente en dedicación a tempo completo. Así mesmo, de acordo co previsto na disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, no ámbito de ciencias da saúde, o número de prazas do profesorado asociado que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias non será tomado en consideración para os efectos das porcentaxes sinaladas neste artigo.

8. O profesorado que non teña o título de doutor ou doutora deberá estar en posesión, polo menos, do título de licenciado ou licenciada, arquitecto ou arquitecta, enxeñeiro ou enxeñeira, graduado ou graduada, ou equivalente a estes, excepto cando a actividade docente que cómpre realizar corresponda a áreas de coñecemento para as cales o Consello de Universidades determinase, con carácter xeral, a suficiencia do título de diplomado ou diplomada, arquitecto técnico ou arquitecta técnica, ou enxeñeiro técnico ou enxeñeira técnica. Neste suposto, e para a actividade docente nas ditas áreas específicas e de forma coherente coa natureza académica das materias que se van impartir, será suficiente que o profesorado estea en posesión dalgún destes últimos títulos.

9. O profesorado das universidades privadas e dos centros privados de ensino universitario adscritos a universidades non poderá ser persoal funcionario dun corpo docente universitario en situación de activo e destino nunha universidade pública, así como tampouco persoal docente e investigador laboral a tempo completo na mesma situación.

10. Para acreditar os requisitos previstos neste artigo, na memoria deberanse detallar o persoal do persoal docente e investigador con que se contará ao comezo da actividade académica oficial, así como a previsión e o compromiso explícito do seu incremento anual ata a implantación total das correspondentes ensinanzas, e sinalarase as principais características do profesorado que conforme o cadro de persoal inicial e o final unha vez despregadas as titulacións oficiais que se poñen en funcionamento co inicio da actividade da universidade. Neste caso, por cadro de persoal enténdese a relación non nominal de postos de traballo de persoal docente e investigador, a súa categoría, área de coñecemento ou especialización e réxime de dedicación.

11. Co obxecto de asegurar a experiencia en investigación do persoal docente e investigador que se incorpore á nova universidade, ao finalizar o quinto ano desde o momento da obtención da autorización de inicio de actividades por parte do órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio se localizase, esta terá a obriga de achegar á memoria presentada inicialmente no proceso de creación ou recoñecemento a seguinte información sobre o seu cadro de persoal que imparta docencia nos títulos oficiais de graos, másteres e doutoramentos:

a) Relación do persoal docente e investigador doutor ou doutora que obtivese unha avaliación positiva da súa actividade investigadora por parte da CNAAI ou das axencias das comunidades autónomas con competencias na dita avaliación. Considerarase un valor mínimo que o 60 por cento do conxunto do persoal docente e investigador doutor ou doutora acadase unha avaliación positiva, nalgún momento do período de desenvolvemento da súa actividade como persoal docente e investigador.

b) Relación dos principais indicadores da produción investigadora desenvolvida polo persoal docente e investigador. Para ese efecto, considerarase as publicacións científicas referidas nas principais bases de datos mundiais de referencias bibliográficas e citas de publicacións periódicas, así como as publicacións recoñecidas nos diferentes ámbitos de coñecemento, en atención aos criterios xerais e específicos de avaliación por campos científicos considerados pola CNAAI ou polas axencias das comunidades autónomas con competencias na dita avaliación. O número mínimo será de seis



publicacións acumuladas durante os últimos tres anos por cada tres profesores computados a tempo completo. Así mesmo, poderanse incluír as patentes que resulten directamente da investigación desenvolvida polo persoal docente e investigador, licenciadas por empresas, entidades, organizacións ou institucións. Para acreditar este requisito, a universidade facilitará a relación dos principais indicadores da produción investigadora desenvolvida polo persoal docente e investigador conforme os criterios enunciados.

c) A participación demostrada por parte do persoal docente e investigador da universidade na solicitude de proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal e internacional, ou en actividades de investigación colaborativa con empresas, entidades, organizacións ou institucións, que deberá ser coherente coas liñas de investigación fundamentais dos programas de doutoramento con que conte a universidade. Esta participación supoñerá ter presentado anualmente, como mínimo, cinco propostas de proxectos de investigación en programas nacionais e internacionais, polo menos unha das cales deberá ter este último carácter. Así mesmo, transcorridos cinco anos desde o inicio de actividades, deberase demostrar a concesión de, polo menos, cinco proxectos de investigación de ámbito nacional ou internacional. Para acreditar este requisito, a universidade facilitará a relación de propostas de proxectos de investigación competitivos presentados e, de ser o caso, dos concedidos, así como das actividades de investigación colaborativa con empresas, entidades, organizacións ou institucións.

*Artigo 8. Condicións e requisitos para a creación e o recoñecemento dunha universidade con relación ás instalacións e equipamentos.*

1. As universidades, públicas e privadas, deberán dispoñer de instalacións e equipamentos docentes, de investigación e de transferencia, de servizos e de xestión adecuados para o desenvolvemento con calidade das funcións que lles son propias, especialmente para o desenvolvemento das actividades docentes e de investigación. Esta información deberase explicitar na memoria.

2. Os edificios e instalacións e os equipamentos deberanse adecuar á natureza da actividade académica e ás condicións funcionais das titulacións de grao, máster e doutoramento que se vaian impartir, así como ao número de estudantes matriculados ou que previsiblemente se matricularán, e deberase garantir a calidade daqueles. En todo caso, deberán contar con:

a) Espazos docentes e de investigación. O seu número, superficie e equipamento virá determinado, no caso das actividades docentes, polo número de estudantes que se prevexa que os van utilizar simultaneamente, unha vez despregada toda a oferta académica, e tendo presente a natureza dos diversos títulos oficiais universitarios ofertados. No caso das actividades de investigación, polo número dos investigadores e das investigadoras e os grupos de investigación que os vaian utilizar, tendo en conta as características e necesidades das súas investigacións. O anexo II recolle módulos mínimos para a valoración da adecuación das instalacións.

b) Espazos académicos complementarios. Terán a consideración de espazos académicos complementarios aqueles que, destinados tanto a fins de docencia como a investigación, teñen un uso específico e complementario a tales fins, como poden ser o Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación (CRAI), que inclúe os servizos de biblioteca e documentación, os laboratorios e servizos científico-técnicos e os equipamentos deportivos. No caso concreto do edificio ou dos edificios correspondentes a servizos destinados a biblioteca universitaria, deberán ser coherentes e concordantes co número total de alumnos matriculados en titulacións oficiais. Pola súa banda, cando se impartan titulacións do ámbito de ciencias da saúde, deberanse explicitar as instalacións e os equipamentos de que dispón, ou dispoñerá, a universidade que a normativa vixente estipula para este tipo de formación universitaria, e cuxos principais elementos se inclúen no anexo III.

c) Equipamento informático e telemático. Aulas e servizos xerais informáticos, telemáticos e audiovisuais que garantan unha conectividade adecuada á rede mediante a creación de espazo wifi da institución, e a dispoñibilidade dun número adecuado de equipamento informático en aulas de informática para que o estudantado poida realizar as actividades académicas e o desenvolvemento de prácticas e traballos académicos, así como que aseguren o acceso, vía servizos web, aos requisitos docentes e científicos institucionais para a comunidade universitaria, como son o campus virtual docente, intranet, entre outros, e cuxos principais elementos se recollen no anexo IV.

d) No caso dunha universidade que basicamente articule a súa oferta en títulos universitarios oficiais non presenciais ou en modalidade híbrida, na memoria deberanse detallar e explicitar pormenorizadamente estes equipamentos consubstanciais e específicos ás características desta oferta formativa.

3. En todo caso, as instalacións universitarias deberán reunir as condicións de prevención de riscos laborais e os requisitos acústicos e de habitabilidade que exixa a lexislación vixente nestas materias.

4. Así mesmo, o conxunto de instalacións e equipamentos universitarios deberán dispoñer dunhas condicións arquitectónicas e de accesibilidade que, de acordo co disposto na normativa aplicable, posibiliten o acceso e mobilidade de persoas con discapacidade.

#### Artigo 9. *Garantía de actividade e de sustentabilidade da universidade.*

No proceso de creación dunha universidade pública e no de recoñecemento dunha universidade privada, as universidades deberán expresar explicitamente na memoria o seu compromiso de manter as súas actividades académicas fundamentais (docentes, de investigación, de xestión) durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos docentes e investigadores establecidos na súa programación e, para estes efectos:

1. As universidades públicas deberán achegar un acordo do Consello de Goberno da comunidade autónoma onde se sitúen, polo que este se comprometa ao mantemento das súas actividades e á súa sustentabilidade económica. No caso das universidades de ámbito estatal, deberase achegar un acordo do Consello de Ministros.

2. As universidades privadas deberán achegar documentalmente as garantías que aseguren a súa sustentabilidade económica, que deberá ter presente especialmente a súa coherencia co número de títulos oficiais ofertados e co número de estudantes matriculados ou que previsiblemente se matricularán, así como un plan de viabilidade de carácter económico-financeiro e un plan de peche para o caso de que a súa actividade académica resulte inviable. As comunidades autónomas regularán como se debe desenvolver, de ser o caso, o plan de finalización da actividade dunha universidade ou centro e fixarán un réxime de responsabilidades en caso de incumprimento do dito plan.

3. As universidades deberán achegar o compromiso de manter en funcionamento as súas escolas e facultades, escola de doutoramento e os espazos académicos complementarios imprescindibles, durante un período mínimo que lle posibilita efectivamente finalizar os seus estudos ao estudantado que, cun aproveitamento académico suficiente, os iniciase nestes centros. Así mesmo, deberán establecer os mecanismos que garantan a finalización dos estudos do estudantado no caso de extinción dalgunha das titulacións, oficiais ou propias, impartidas ou programas de doutoramento, de ser o caso, como consecuencia dunha decisión da propia universidade, ou por non renovación da acreditación do título decidida polas administracións públicas, así como pola extinción da propia universidade ou centro.

4. As universidades deberán contar cun plan de investimentos en recursos e infraestruturas, que se recolla na memoria, coherente coa planificación docente e investigadora proposta e programada.

Artigo 10. *Estatutos e normas de organización e funcionamento das universidades.*

1. As universidades públicas deberán contar cuns estatutos, propostos e elaborados polo claustro universitario e aprobados polo Consello de Goberno da comunidade autónoma correspondente, de conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. Estes estatutos, unha vez aprobados, serán publicados no diario oficial da comunidade autónoma correspondente e, así mesmo, no «Boletín Oficial del Estado».

2. As universidades privadas, pola súa banda, deberán contar cunhas normas de organización e funcionamento polas cales se rexerán o conxunto de actividades académicas e de xestión e as relacións na comunidade universitaria, e que deberán ser aprobadas polos seus órganos de goberno.

3. Os estatutos e as normas de organización e funcionamento deberanse elaborar partindo dos principios constitucionais democráticos e, por iso, garantir, de forma efectiva, o pleno exercicio do principio de liberdade académica por parte da comunidade universitaria, que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo. De igual forma, deberán establecer os principios de convivencia no seo da comunidade universitaria.

4. Os estatutos e as normas de organización e funcionamento deberán, así mesmo, recoller as previsións contidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e demais normativa en materia universitaria e, como mínimo, deberán explicitar:

- a) Natureza, funcións e competencias da universidade.
- b) Réxime xurídico, de persoal e económico-financeiro.
- c) Estrutura (centros, departamentos, institutos de investigación, escola de doutoramento)
- d) Órganos de goberno e de representación.
- e) Procedemento para a elección do reitor ou reitora da universidade –ou de designación, de ser o caso–, duración do seu mandato, funcións e procedemento de remoción.
- f) Mecanismo de participación da comunidade universitaria nos diferentes órganos de goberno.
- g) Dereitos e deberes do profesorado, do estudantado e do persoal de administración e servizos.
- h) Procedemento para a elección ou designación do defensor universitario ou defensora universitaria, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.
- i) Normativa de convivencia do conxunto da comunidade universitaria.
- j) Normativa de igualdade. Deberase dispoñer dun plan de igualdade de mulleres e homes, un protocolo contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo, e un rexistro salarial.

5. Para efectos de acreditar os requisitos previstos neste artigo no momento do comezo do proceso de creación ou de recoñecemento, así como no posterior procedemento de autorización de inicio da actividade, as universidades deberán achegar:

a) A forma de goberno, a estrutura e as normas de organización e de funcionamento que deberán rexer ata a aprobación definitiva, de ser o caso, dos seus estatutos ou das normas de funcionamento e organización, segundo se trate de universidades públicas ou privadas, respectivamente.

b) A localidade ou as localidades onde se sitúen a universidade e os seus centros (escolas, facultades e institutos de investigación) e, en todo caso, a localidade onde se sitúe a sede corporativa.

c) A estrutura de centros, a súa denominación, e os estudos oficiais iniciais que se impartirán nestes e a previsión dos que no futuro se ten previsto desenvolver, dentro da

programación e planificación docente, así como a denominación dos departamentos que se poidan constituír nos ditos centros.

Artigo 11. *Autorización de inicio de actividades dunha universidade.*

1. A autorización do inicio das actividades das universidades corresponderalle ao órgano competente da comunidade autónoma na cal radican as instalacións da futura universidade, salvo para a autorización dunha universidade de ámbito estatal, caso en que lle corresponderá ao Ministerio de Universidades. En ambos os casos, a autorización concederáse, unha vez comprobado o cumprimento das condicións e dos requisitos para a súa creación ou recoñecemento establecidos pola normativa vixente, na súa lei de creación ou recoñecemento aprobada pola Asemblea da Comunidade Autónoma ou polas Cortes Xerais. Serán informados desta autorización para o inicio das actividades o Ministerio de Universidades e a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

2. O procedemento de autorización iniciárase por solicitude da persoa física ou xurídica que promove a universidade. A solicitude, que se deberá axustar ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, de ser o caso, á normativa de desenvolvemento da comunidade autónoma, xunto coa documentación estipulada, dirixirase ao órgano competente da comunidade autónoma. O prazo máximo para solicitar a dita autorización será de dous anos contados desde a entrada en vigor da lei de creación ou de recoñecemento da universidade, se a dita lei non determinase un prazo.

3. A resolución do procedemento deberá ser motivada. O prazo para resolver e notificar a dita resolución será, como máximo, de seis meses. Transcorrido este, e no caso de que non se ditase a correspondente resolución de autorización ou denegación do inicio da actividade, o sentido do silencio administrativo será estimatorio. A resolución deberá expresar os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo e xudicial ante o cal se deban presentar e o prazo para interpoñelos de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e, de ser o caso, na normativa de desenvolvemento da comunidade autónoma.

Artigo 12. *Supervisión e control.*

1. Correspóndelles aos órganos competentes da comunidade autónoma, así como aos órganos competentes da Administración xeral do Estado no caso das universidades de ámbito estatal, a supervisión e o control periódico do cumprimento por parte das universidades dos requisitos exixidos para a súa creación, no caso das iniciativas públicas, ou recoñecemento, no caso das iniciativas privadas. Para iso, as universidades presentaranlle anualmente ao órgano competente da comunidade autónoma ou da Administración xeral do Estado unha memoria comprensiva das súas actividades docentes e investigadoras, realizadas no marco da programación plurianual.

2. Na supervisión teranse en conta fundamentalmente os requisitos previstos neste real decreto, os que, de ser o caso, establececen as comunidades autónomas en exercicio das súas competencias e os demais previstos no ordenamento xurídico.

3. Se, con posterioridade ao comezo das súas actividades, se aprecia que unha universidade incumpre os citados requisitos e os compromisos adquiridos ao solicitar a súa creación ou recoñecemento, o órgano competente da comunidade autónoma requiriralle a regularización da situación. Para iso, a universidade deberá presentar un plan de medidas correctoras no prazo máximo de tres meses desde o día seguinte a aquel en que se realizase o requirimento, e dispoñerá dun prazo de dous anos, como máximo, para desenvolver o dito plan e, consecuentemente, emendar os requisitos.

4. Transcorridos os prazos do punto anterior sen que a universidade presentase o plan de medidas requirido ou sen que cumprise os requisitos, o órgano competente da comunidade autónoma iniciará de oficio o procedemento de revogación da autorización de inicio da súa actividade, logo de audiencia das persoas interesadas. O alcance da revogación determinarase pola resolución revogatoria e poderá afectar toda a

universidade ou limitar os seus efectos a algún dos seus centros (propios ou adscritos) en que se constatase o incumprimento.

5. Será motivo de revogación da autorización de inicio de actividades académicas que estas non desen comezo aos dous anos de tela obtido, debendo iniciar de oficio o órgano competente da comunidade autónoma o procedemento de revogación, en que dará audiencia ás persoas interesadas. Se este for o caso, a persoa física ou xurídica que propoñía a súa creación ou recoñecemento non poderá volver solicitar unha autorización ata transcorridos dous anos desde a firmeza da revogación.

6. No caso de que unha universidade teña un mínimo dun terzo dos títulos oficiais universitarios oficiais non acreditados, ou retirados antes do proceso de acreditación debido a que non pode cumprir as condicións exixidas por problemas claramente estruturais, non se lle permitirá a presentación de novos títulos ata que estas deficiencias non se emendasen.

7. Se nos procesos de renovación da acreditación dos títulos da universidade, segundo o disposto na normativa reguladora das ensinanza universitarias oficiais, o número de títulos que queden activos na universidade for inferior ao recollido no artigo 5.1 deste real decreto, a autoridade competente da comunidade autónoma iniciará de oficio o procedemento de revogación da autorización de inicio de actividade da universidade. A resolución será motivada e logo de audiencia das persoas interesadas.

#### Artigo 13. *Condicións e requisitos básicos para a adscrición e o funcionamento dos centros docentes adscritos a universidades.*

1. A adscrición dun centro a unha universidade terá a finalidade de impartir docencia conducente á obtención de títulos oficiais de grao e/ou máster e/ou doutoramento, así como, de ser o caso, de desenvolver actividades de investigación e de transferencia de coñecemento.

2. Os centros poderán ter unha natureza pública ou privada cando se adscriban a unha universidade pública e natureza privada cando se adscriban a unha universidade privada. Para estes efectos, un centro adscrito só o pode ser dunha única universidade –aínda que os títulos oficiais que imparte poden ser conxuntos ou dobres titulacións con centros desta ou doutras universidades–.

3. De conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a adscrición de centros docentes universitarios requirirá a subscripción previa dun convenio coa universidade, de acordo co previsto nos estatutos ou normas de funcionamento e organización da dita universidade e co establecido neste real decreto.

4. Os convenios de adscrición serán subscripción polo reitor ou a reitora da universidade e polo ou pola representante legal da entidade titular do centro que pretende ser adscrito.

5. O convenio de adscrición deberá incluír, como mínimo, o seguinte:

a) A relación de ensinanza universitarias de carácter oficial que se impartirán no centro adscrito.

b) Os criterios de admisión das ensinanza.

c) As previsións relativas ao réxime económico que debe rexer as relacións entre o centro adscrito e a universidade.

d) As normas para o nomeamento do director ou da directora do centro adscrito e do equipo de dirección.

e) A determinación dos órganos de goberno do centro.

f) O procedemento para solicitar da universidade a «venia docendi» do seu profesorado.

g) A estrutura, número e tipoloxía do profesorado que conforma e/ou conformará o cadro de persoal do centro.

h) A programación para o desenvolvemento e posta en funcionamento dun sistema interno de garantía da calidade e a consecución da súa certificación pola ANACA ou pola correspondente axencia de calidade.



- i) A posibilidade de impartir títulos de formación permanente.
- j) A planificación do desenvolvemento da actividade de investigación do seu persoal docente e investigador.
- k) As instalacións e o principal equipamento de que dispón ou dispoñerá o centro para cumprir coas súas funcións académicas adecuadamente e con calidade.

6. A distribución do número de estudantes matriculados nun centro adscrito segundo se son estudantes de ensinanza conducentes a títulos oficiais ou a títulos propios de formación permanente, aos cinco anos de inicio da súa adscrición a unha universidade, deberá garantir que os estudantes matriculados en títulos propios de formación permanente non poderán superar en dúas veces o número de estudantes matriculados en títulos oficiais.

7. A adscrición dun centro a unha universidade requirirá a aprobación da comunidade autónoma correspondente, salvo que se trate da adscrición a unha universidade de ámbito estatal, caso en que lle corresponderá ao Ministerio de Universidades. No caso das universidades públicas, a proposta elevaraa o seu Consello de Goberno, logo de informe favorable do Consello Social. No caso das universidades privadas, elevarase a petición logo de aprobación por parte do seu órgano de goberno.

8. A aprobación da proposta de adscrición deberá ser obxecto de inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), e comunicación á Conferencia Xeral de Política Universitaria por parte do Ministerio de Universidades. Se a proposta é aprobada pola comunidade autónoma, esta deberá informar da adscrición o citado ministerio, para efectos de inscrición e comunicación.

9. Os títulos universitarios correspondentes a ensanzas de carácter oficial impartidas nos centros adscritos a unha universidade someteranse aos procedementos de aseguramento da calidade segundo o establecido na universidade a que se adscribe e serán expedidos polo reitor ou a reitora desta.

10. O profesorado dos centros adscritos a universidades deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 7, números 4, 5, 6, 7 e 8, deste real decreto.

### CAPÍTULO III

#### **Acreditación institucional dos centros universitarios**

Artigo 14. *Procedemento para a acreditación institucional dos centros das universidades públicas e privadas.*

1. A acreditación institucional como mecanismo para garantir a calidade académica global dun centro universitario instruméntase mediante o sistema interno de garantía da calidade, que debe asegurar unha formación cun nivel de competencia e a adecuación aos criterios estandarizados de calidade do servizo docente prestado, e que debe responder ás exigencias do estudantado e da sociedade. Este procedemento debe ser transparente e incluír mecanismos de rendición de contas.

2. A acreditación institucional dun centro universitario comportará a renovación da acreditación do conxunto de títulos universitarios oficiais impartidos neste, sempre que se reúnan os requisitos previstos neste artigo.

3. Os requisitos que deberán cumprir os centros universitarios para a obtención da acreditación institucional serán os seguintes:

a) Ter renovado a acreditación inicial de, polo menos, a metade dos títulos oficiais de grao, da metade dos títulos oficiais de máster e da metade dos títulos oficiais de doutoramento que impartan de acordo co procedemento previsto no artigo 27 bis do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro. No caso das escolas de doutoramento ou centros similares en canto ás funcións, deberán ter renovado a acreditación inicial de, polo menos, a metade dos seus programas de doutoramento.

b) Dispoñer da certificación da implantación do seu sistema interno de garantía de calidade, de acordo co establecido no número 9 do anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e de conformidade cos criterios establecidos para o aseguramento da calidade no Espazo Europeo de Educación Superior e cos protocolos e guías orientativas desenvolvidas pola ANACA ou polas axencias de calidade correspondentes. Este certificado poderá ser expedido polas axencias de calidade españolas que estean rexistradas no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (European Quality Assurance Register, EQAR). O procedemento de emisión do certificado deberá seguir o protocolo que, por proposta do Ministerio de Universidades, se aprobe na Conferencia Xeral de Política Universitaria.

4. Poderán participar deste procedemento os centros de universidades públicas e privadas, sexan propios ou adscritos.

5. A universidade solicitará a acreditación institucional de un ou de varios dos seus centros ao Consello de Universidades que, a través da Secretaría Xeral de Universidades, a trasladará á ANACA ou á correspondente axencia de calidade da comunidade autónoma, e que se encontren rexistradas no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (European Quality Assurance Register, en diante, EQAR), para a emisión do informe a que se refire o punto seguinte.

6. O Consello de Universidades ditará a resolución de acreditación, logo de informe de avaliación vinculante da ANACA ou do órgano de avaliación que corresponda, que lles notificará á universidade e á axencia de avaliación correspondente, e enviará á comunidade autónoma e ao Ministerio de Universidades, para os efectos, se é favorable, da inscrición dos centros acreditados no RUCT. O prazo para resolver e notificar a dita resolución será, como máximo, de seis meses. Transcorrido este prazo, e no caso de que non se ditase a correspondente resolución de acreditación, o sentido do silencio administrativo será estimatorio. No suposto de ditarse resolución desestimatoria, esta deberá ser motivada e expresará os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o cal se deban presentar e o prazo para interpoñelos.

7. Deberase renovar a acreditación institucional dos centros universitarios antes do transcurso de seis anos contados a partir da data de obtención da última resolución de acreditación.

8. No procedemento de avaliación da renovación da acreditación institucional deberá emitir informe un grupo de expertos externos e independentes da institución que solicite a acreditación, nomeados pola ANACA ou pola axencia de calidade correspondente. O procedemento que desenvolvan as axencias para levar a cabo a renovación da acreditación institucional de centros seguirá o protocolo xeral que, por proposta do Ministerio de Universidades, se estableza no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria. Así mesmo, deberanse ter presentes todos os informes de seguimento das diversas titulacións oficiais ofertadas no centro, así como os informes da ANACA e da correspondente axencia de calidade emitidos nese período de seis anos con relación aos diferentes títulos oficiais ofertados. A ANACA e os órganos de avaliación externa das comunidades autónomas facilitaranse mutuamente información relativa ás ditas avaliacións.

9. O Consello de Universidades deberá resolver e notificar a súa resolución sobre a renovación nun máximo de seis meses desde a presentación da correspondente solicitude. Transcorrido este, o sentido do silencio administrativo será estimatorio. No caso de ditarse resolución desestimatoria, que deberá ser motivada, esta expresará os recursos que contra ela procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o cal se deban presentar e o prazo para interpoñelos.

10. No caso de que o Consello de Universidades dite unha resolución desestimatoria da acreditación institucional ou da súa renovación, o centro universitario implicado deberá solicitar a renovación da acreditación correspondente de cada un dos títulos oficiais que oferta, no período establecido con relación ao comezo da actividade destes ou da última renovación da acreditación.

11. As axencias de avaliación de forma consensuada, a través dos seus protocolos de acreditación institucional de centros universitarios, establecerán o procedemento concreto para o caso de títulos conxuntos que promoven dous ou máis centros, sexan da mesma universidade ou de universidades diferentes.

#### CAPÍTULO IV

#### **Centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros universitarios e de educación superior de ámbito similar ao universitario**

Artigo 15. *Autorización de centros que impartan ensinanzas conforme sistemas educativos estranxeiros.*

1. A impartición de ensinanzas universitarias e de educación superior –diplomas ou certificados– de ámbito similar ao universitario no noso país, desenvolvida por centros conforme sistemas educativos estranxeiros, precisará a autorización do organismo competente da comunidade autónoma correspondente en que se sitúe a universidade ou centro, segundo o disposto no artigo 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. En ningún caso as ensinanzas de educación superior de ámbito similar ao universitario fan referencia a titulacións españolas correspondentes a ensinanzas superiores non universitarias.

2. A autorización do organismo correspondente da comunidade autónoma requirirase nos seguintes supostos:

a) Cando os títulos sexan impartidos por un centro docente propio ou adscrito a unha universidade creada ou recoñecida de conformidade coa lexislación española.

b) Cando os títulos sexan impartidos por un centro pertencente a unha universidade ou institución de educación superior estranxeira, situada en territorio español, a cal deberá estar debidamente constituída conforme a lexislación do país de cuxo sistema educativo pretenda impartir os ditos títulos ou do país en que teña asentado o seu órgano directivo.

3. A comunidade autónoma, unha vez outorgada a autorización, comunicarlalla ao Ministerio de Universidades no prazo máximo dun mes, que procederá á súa inclusión nun rexistro específico dentro do RUCT, no cal constarán tanto os centros autorizados como os títulos dos ditos centros, e, así mesmo, informará a Conferencia Xeral de Política Universitaria. Esta información incorporará, como mínimo, a denominación da universidade e centro de impartición e, se é estranxeira, o país de orixe, a denominación dos títulos ofertados e o seu número de prazas, o modelo docente de cada titulación (presencial, virtual ou híbrida), a duración temporal e a carga en créditos ECTS –Sistema europeo de transferencia e acumulación de créditos–, así como se o título foi avaliado favorablemente por unha axencia de aseguramento da calidade española ou, de ser o caso, do país de orixe do centro ou universidade, e a data da renovación da acreditación. No caso de titulacións cuxo informe de acreditación fose realizado por unha axencia de calidade rexistrada no EQAR e externa ao Estado español, esta deberá ter incluído especificamente no seu alcance, e por iso ter avaliado, o centro de impartición español.

4. O Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación deberá emitir informe sobre a conveniencia desta autorización, sobre a base da existencia de tratados ou convenios internacionais subscritos por España e, na súa falta, do principio de reciprocidade.

Artigo 16. *Requisitos para a autorización.*

1. A universidade ou centros que impartan ensinanzas universitarias e de educación superior de ámbito similar ao universitario conforme sistemas educativos

estranxeiros deberá cumprir co previsto nos seguintes puntos para poder obter a autorización administrativa, ademais de acreditar a súa personalidade xurídica:

a) Presentar un plan de desenvolvemento da súa oferta docente, que detalle os títulos, a tipoloxía e o nivel, as prazas ofertadas, a duración, a carga en créditos, a previsión do ano de inicio da impartición de cada título, as principais características do profesorado que será responsable da súa impartición, e que deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 7, números 4, 5, 6, 7 e 8, así como o detalle do plan de estudos en que impartirá a docencia.

b) Acreditar que as ensinanzas universitarias e de educación superior de ámbito similar ao universitario efectivamente están implantadas e activas na universidade ou institución de educación superior estranxeira que expida o título, o certificado ou o diploma.

c) Acreditar que os plans de estudos das diferentes titulacións se corresponden en estrutura, duración e contidos cos impartidos pola universidade ou institución de educación superior matriz no seu país de orixe.

d) Acreditar que as ensinanzas impartidas conducen á obtención de títulos que teñan idéntica validez académica oficial no país de orixe e a mesma denominación que os que expida a universidade ou institución de educación superior estranxeira matriz polos ditos estudos.

e) Someter os títulos ofertados de nivel universitario a procesos de avaliación, acreditación e/ou inspección por parte dos órganos competentes do correspondente sistema universitario estranxeiro, de acordo co certificado establecido no número 2 deste mesmo artigo. Non poderán ser obxecto de autorización aquelas ensinanzas que previamente non pasasen por un proceso de avaliación por parte do órgano ou axencia de calidade do país de orixe.

f) Achegar un compromiso por escrito de continuidade dos estudos ofertados en caso de cesamento de actividade da universidade ou centro, ata a adecuada finalización das ditas ensinanzas por parte do estudantado matriculado.

2. Os requisitos establecidos no punto anterior acreditaranse mediante certificación expedida para o efecto pola representación acreditada en España do país conforme o sistema educativo do cal se deban impartir as ensinanzas.

#### Artigo 17. *Efectos da obtención da autorización administrativa.*

1. As universidades ou institucións de educación superior autorizadas a impartir títulos de acordo con sistemas de educación superior estranxeiros terán a denominación que corresponda de acordo coas ensinanzas que impartan e non se poderán utilizar denominacións que, polo seu significado ou por utilizaren un idioma estranxeiro, poidan inducir a confusión sobre a natureza do centro, as ensinanzas que se impartan nel ou a natureza, validez e efectos dos títulos, certificados ou diplomas académicos a que aquelas conducen.

2. As ensinanzas de carácter universitario autorizadas estarán sometidas á avaliación por parte das axencias de calidade correspondentes. Estas facilitarase mutuamente información relativa ás ditas avaliacións.

3. As axencias de calidade coordinaranse para elaboraren e publicaren un protocolo específico para este tipo de ensinanzas universitarias ou equivalentes, tendo presente as súas especificidades, para efectos de proceder á súa avaliación.

4. Os títulos, certificados ou diplomas a que conduzan as ensinanzas autorizadas terán unicamente os efectos que lles outorgue a lexislación do Estado de orixe, de conformidade co artigo 86.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. O recoñecemento de efectos en España axustarase ao establecido pola normativa específica reguladora do recoñecemento de estudos e títulos estranxeiros de educación superior.

5. A universidade ou centro a través do cal se impartan estas ensinanzas estará obrigada a informar debidamente os estudantes, no momento de efectuaren a matrícula, do estipulado no punto anterior.

6. Poderá constituír causa de revogación da autorización o incumprimento dos requisitos conforme os cales outorgou a autorización o órgano competente da comunidade autónoma, establecidos no artigo 16, a obtención de avaliacións desfavorables a que se refire o número 2 deste artigo de, como mínimo, a metade das ensinanzas de carácter universitario ou equivalente, avaliadas, así como a incorrecta información sobre as ensinanzas que se imparten e sobre os títulos, certificados ou diplomas a cuxa obtención conducen. A revogación corresponderalle ao órgano competente da comunidade autónoma e deberá ser motivada e logo de audiencia das persoas representantes do centro.

Disposición adicional primeira. *Universidades con especificidades académicas.*

Considerando a súa especificidade académica, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo e a Universidade Internacional de Andalucía quedan excluídas da aplicación do artigo 5, números 1 e 4, e dos artigos 6 e 7 deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Universidade Nacional de Educación a Distancia.*

Todas as referencias que neste real decreto se efectúan ás administracións das comunidades autónomas e aos seus órganos se entenderán referidas, no caso da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), ao Ministerio de Universidades, en atención ás súas especiais características e ámbito das súas actividades.

Disposición adicional terceira. *Universidades concordatarias da Igrexa Católica.*

1. De conformidade co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, as universidades da Igrexa Católica establecidas en España con anterioridade ao Acordo do 3 de xaneiro de 1979, entre o Estado español e a Santa Sé, sobre ensino e asuntos culturais, en virtude do establecido no Convenio entre a Santa Sé e o Estado español, do 10 de maio de 1962, e o mencionado acordo, manteñen os seus procedementos especiais en materia de recoñecemento de efectos civís de plans de estudos e títulos, de conformidade coa normativa específica aplicable, mentres non opten por transformarse en universidades privadas.

2. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, e só para os efectos de facer efectivos os ditos procedementos, estas universidades solicitaranlle ao Consello de Universidades a acreditación institucional dos seus centros, que levará a cabo unha vez que se comprobe o cumprimento dos requisitos establecidos pola normativa aplicable con carácter xeral.

3. Igualmente, estas universidades deberanse adaptar aos requisitos previstos neste real decreto con carácter xeral e nos mesmos prazos.

Disposición adicional cuarta. *Centros universitarios da Defensa.*

1. Os centros universitarios da Defensa que, de acordo co artigo 51 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, estean adscritos a algunha universidade pública, terán a consideración de centros docentes adscritos para os efectos do artigo 13 deste real decreto.

2. Dada a súa natureza académica, funcional e xurídica, exceptúanse os centros universitarios da Defensa do requisito establecido no artigo 13 deste real decreto, sobre adscrición a unha única universidade.

3. De conformidade co artigo 73 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, as ensinanzas correspondentes á formación militar xeral e específica e de especialidade fundamental impartiraas profesorado militar, e as ensinanzas de grao e



posgraos impartiranas persoal militar e persoal contratado que conte coa capacitación adecuada de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

4. O persoal docente e investigador destes centros universitarios deberá cumprir coas previsións establecidas por este real decreto.

5. Sen prexuízo da titularidade do Ministerio de Defensa sobre estes centros e das competencias daquel en materia de formación militar, todas as referencias que neste real decreto se efectúan ás administracións das comunidades autónomas e aos seus órganos se entenderán referidas, no caso dos centros universitarios da Defensa, ao Ministerio de Universidades.

Disposición adicional quinta. *Centros universitarios da Garda Civil.*

1. O Centro Universitario da Garda Civil, adscrito a unha ou a varias universidades públicas, de acordo co artigo 41 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, terá a consideración de centro docente adscrito para os efectos do artigo 13 deste real decreto.

2. Dada a súa natureza académica, funcional e xurídica, exceptúase o Centro Universitario da Garda Civil do requisito establecido no artigo 13.2 sobre adscrición a unha única universidade.

3. De conformidade co artigo 51 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, as ensinanzas correspondentes á formación militar de carácter xeral e a de corpo de seguridade ou técnica impartiraas profesorado pertencente á Garda Civil ou o profesorado alleo ao corpo a que se refire o número 1 do citado artigo.

4. As ensinanzas universitarias oficiais de grao, máster universitario e doutoramento, así como as ensinanzas universitarias propias (formación permanente), poderán impartir tanto o persoal citado no parágrafo anterior como o profesorado pertencente á universidade ou universidades de adscrición, de acordo co que se recolla nos respectivos convenios, que terán en conta as peculiaridades da carreira profesional dos gardas civís, segundo o previsto no artigo 41.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

5. En todo caso, o persoal docente e investigador do Centro Universitario da Garda Civil deberá cumprir coas previsións establecidas neste real decreto e contar coa capacitación adecuada, de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

Disposición adicional sexta. *Tratados ou convenios internacionais.*

O disposto neste real decreto e, en particular, o previsto no capítulo IV enténdese sen prexuízo do establecido nos tratados ou convenios internacionais subscritos por España ou, de ser o caso, da aplicación do principio de reciprocidade.

Disposición adicional sétima. *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación das universidades e dos centros universitarios aos requisitos previstos neste real decreto.*

1. As universidades e os centros universitarios que, no momento de entrada en vigor deste real decreto, contén coa súa respectiva autorización dispoñerán de ata cinco anos desde a dita entrada en vigor para que se poidan adaptar aos novos requisitos establecidos.

2. As universidades e os centros xa creados ou recoñecidos, pero aínda non autorizados, dispoñerán de ata cinco anos desde a concesión da autorización para que se poidan adaptar aos novos requisitos establecidos.

3. As universidades ou os centros que impartan ensinanzas universitarias ou títulos de educación superior de ámbito similar ao universitario conforme sistemas educativos estranxeiros deberanse adaptar ás previsións deste real decreto no prazo máximo de

tres anos a partir da súa entrada en vigor. Estas universidades, centros ou institucións deberán ter inscritos os títulos universitarios ou equivalentes nun rexistro específico do RUCT e incorporar a información que se establece no artigo 15.3 deste real decreto no prazo máximo dun ano desde o momento da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Requisitos de persoal durante a implantación progresiva das ensinanzas.*

Mentres non se implante na súa totalidade cada un dos estudos universitarios oficiais que vaia impartir a universidade ou centro, os requisitos de persoal que establece este real decreto para as universidades e centros universitarios entenderanse referidos ao persoal que resulte exixible para a impartición do curso ou dos cursos do correspondente plan de estudos oficial que se vaia implantando en cada momento.

Disposición transitoria terceira. *De centros adscritos a máis dunha universidade.*

No caso de que haxa un centro adscrito a máis dunha universidade no momento da entrada en vigor deste real decreto, este terá un prazo máximo dun ano para definitivamente adscribirse a unha única universidade, o que exixirá, de ser o caso, a modificación do convenio de adscrición entre ambas as partes. A nova adscrición, unha vez aprobada polos diferentes órganos de goberno das institucións universitarias implicadas, e autorizada polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma, seralle comunicada ao Ministerio de Universidades para a súa inclusión no RUCT.

De forma excepcional, debidamente xustificada e unicamente por motivos académicos relacionados coa natureza dos títulos que se imparten, un centro que xa estea adscrito a dúas universidades no momento de entrada en vigor deste real decreto poderase seguir adscribindo ás dúas universidades se conta coa aprobación explícita do departamento responsable de universidades da respectiva comunidade autónoma.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

2. En particular, derrógase o Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, coa excepción da disposición derradeira segunda e da disposición derradeira terceira.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e títulos competenciais.*

Este real decreto ten o carácter de lexislación básica e dítase ao abeiro do previsto nas regras 1.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado as competencias para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento dos seus deberes constitucionais, e a aprobación das normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Universidades para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requiran o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Lima o 27 de xullo de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Universidades,  
MANUEL CASTELLS OLIVÁN

## ANEXO I

### **Memoria xustificativa para o expediente de creación de universidades públicas e de recoñecemento de universidades privadas e a súa posterior autorización**

1. Memoria en que consten os datos fundamentais do proxecto polo cal se solicita a creación dunha universidade pública ou o recoñecemento dunha universidade privada: denominación; institucións, organismos, entidades ou empresas e sociedades privadas que a impulsan; personalidade xurídica; localización xeográfica das instalacións e localización da sede social; financiamento; obxectivos académicos fundamentais (formativos, de investigación, de transferencia e de innovación) que garantan o cumprimento das funcións da universidade establecidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e de acordo co regulado neste real decreto.

2. Nesta memoria deberanse incluír o plan pormenorizado de desenvolvemento e programación da docencia, tal e como se recolle no artigo 5 deste real decreto, e unha programación plurianual da investigación de acordo co establecido no artigo 6 desta norma. En ambos os casos, deberase achegar o nivel de detalle que se fixa nesas artigos. Especificamente, incluíranse obrigatoriamente o número de prazas e a previsión de matrícula dos títulos oficiais de grao, máster e doutoramento ofertados inicialmente e aqueles que progresivamente estea previsto implantar.

3. De igual forma, na memoria incluíranse a oferta inicial e o previsible desenvolvemento da formación permanente, e indicaranse, entre outros elementos, o número e tipoloxía de títulos, as prazas ofertadas e a previsión de estudantes matriculados.

4. Documentación xustificativa da garantía de continuidade e sustentabilidade da actividade da universidade ou centro a que se refire o artigo 9 deste real decreto.

5. A documentación que acredite os requisitos de organización e funcionamento previstos no artigo 10 deste real decreto.

6. Xustificación do cadro de persoal (entendido como a relación de postos de traballo nas institucións públicas) docente e investigador ao comezo da actividade, e compromiso explícito e argumentado de desenvolvemento deste coherente co despregamento da oferta académica oficial e a implementación do programa plurianual de investigación, nos termos previstos no artigo 6 desta norma, e de acordo cos requisitos que sobre o profesorado establecen a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e este real decreto. O detalle do cadro de persoal inicial e o que coherentemente se desenvolverá co despregamento comprometido en docencia e investigación será o estipulado no artigo 5 deste real decreto.

7. Xustificación do cadro de persoal (entendido como a relación de postos de traballo nas institucións públicas) de administración e servizos ao comezo da actividade, así como a previsión do seu incremento anual ata a implantación total das correspondentes ensinanzas, actividades de investigación e servizos da universidade ou centro.

8. Estrutura de centros en que se articula inicialmente, e en que se articulará unha vez despregada toda a súa actividade, a universidade, así como a oferta inicial e a prevista de títulos oficiais que se impartirán neles. Indícanse a súa denominación e localización xeográfica detallando as instalacións e os principais equipamentos académicos, investigadores e de servizos de que dispoñerán.

9. Xustificación do cumprimento das condicións e dos requisitos relativos ás infraestruturas e aos medios materiais adecuados e suficientes para o desenvolvemento das súas funcións docentes e investigadoras, tendo en conta o establecido no capítulo II e nos anexos II, III e IV deste real decreto. Neste sentido, engadírase especificamente un plan de investimento en infraestruturas e equipamentos coherente coa programación do desenvolvemento da docencia e da investigación explicitado na memoria.

10. No caso de considerar titulacións oficiais de grao e de máster que requiran obrigatoriamente a realización de prácticas académicas externas, deberanse incluír

convenios con institucións, organismos, entidades ou empresas que garantan o seu desenvolvemento inicial.

11. Compromiso de poñer en marcha o sistema interno de garantía de calidade.

12. A estratexia e a programación para promover a internacionalización das actividades académicas e a mobilidade do estudantado e do profesorado.

13. Especificamente, as universidades privadas deberán acreditar que teñen personalidade xurídica propia e que desenvolven as súas funcións en réxime de autonomía, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

## ANEXO II

### Módulos mínimos dos espazos docentes e investigadores

O número e a superficie dos espazos docentes e investigadores virán determinados polo número de alumnos que se prevexa que os van utilizar simultaneamente, de acordo cos seguintes módulos:

a) Aulas: ata corenta alumnos: 1 metro cincuenta centímetros cadrados por alumno. De corenta alumnos en diante: 1 metro e vinte e cinco centímetros cadrados por alumno.

b) Laboratorios docentes: cinco metros cadrados por alumno asignado a un grupo de docencia. O dito módulo poderá ser obxecto de adaptación en función das necesidades de docencia práctica que lles correspondan ás ensinanzas oficiais que impartan. Neste espazo deberase reservar unha zona ou mobiliario de custodia do vestiario e da roupa protectora de laboratorio. Estes laboratorios deberán ser espazos independentes das aulas e das salas de titorías.

c) Laboratorios de investigación: entre 10 e 15 metros cadrados por profesor ou investigador. Estes laboratorios deberán estar separados do paso de alumnos e non se deben compartir para labores docentes.

Os espazos para a docencia e a investigación deberán ter a necesaria flexibilidade espacial e de mobiliario para se adecuaren ás diferentes modalidades de ensino-aprendizaxe.

Os despachos do profesorado estarán dotados de equipamentos informáticos e de comunicacións adecuados.

Todos os espazos académicos deben cumprir coa normativa vixente de accesibilidade.

## ANEXO III

### Exixencias especiais para as ensinanzas no ámbito das ciencias da saúde

1. Nas ensinanzas de Medicina, de Enfermaría e de Fisioterapia deberase garantir:

a) As universidades deberán contar, polo menos, cun hospital xeral e con tres centros de saúde (de titularidade pública ou privada), autorizados segundo o regulado no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, con base nun concerto, no caso das universidades públicas, ou nun convenio, no das universidades privadas.

b) As institucións sanitarias terán que reunir os requisitos (dotación de medios persoais e materiais) que establezan, mediante orde conxunta das súas persoas titulares, os ministerios con competencias en materia de sanidade e de universidades.

c) O concerto ou convenio sinalarán os servizos das institucións sanitarias que se concerten e os departamentos ou unidades universitarias que con eles se relacionan.

d) Utilizarase a denominación «hospital universitario» cando o concerto se refira ao hospital no seu conxunto ou que abranga a maioría dos seus servizos e/ou unidades asistenciais. No caso de que só se concerten algúns servizos, falarase de «hospital asociado á universidade». O mesmo se lles aplicará aos centros de saúde.



2. Para o resto das ensinanzas universitarias das profesións reguladas nos artigos 6 e 7 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, que requiran elementos asistenciais, deberase garantir a dispoñibilidade dos medios clínicos –centros, servizos ou establecemento sanitarios– necesarios, tanto da propia universidade como aqueles que se dispoñan mediante convenios con administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público ou con suxeitos de dereito privado que teñan estes servizos asistenciais que, en todo caso, deberán estar autorizados pola Administración pública correspondente.

3. As universidades e institucións sanitarias velarán por que os estudantes e os residentes de titulacións do ámbito das ciencias da saúde cumpran coa normativa que recolla as pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do ou da paciente.

#### ANEXO IV

##### Requisitos mínimos de carácter tecnolóxico, informático e audiovisual

De acordo co artigo 8.2 deste real decreto, as universidades públicas e privadas deberán dispoñer de:

1. Rede e conexión á internet con capacidade e velocidade e latencia máximas que permita a tecnoloxía en cada momento, acorde co volume de estudantado, profesorado e persoal de administración e servizos con que conte a universidade ou centro, e, no caso de nova creación, coa previsión destes unha vez que finalice o despregamento de toda a oferta docente e planificación investigadora programada e exposta na memoria.

2. Campus virtual docente, que vehicule as relacións académicas e a actividade formativa de cada materia e titulación, e que lles garanta ao estudantado e ao profesorado un mecanismo de calidade para o desenvolvemento da súa interrelación académica de acordo coa modalidade de ensino de cada un dos títulos oficiais. No caso dunha universidade cuxa modalidade docente sexa fundamentalmente non presencial, este campus virtual e a plataforma tecnolóxica que o soporte deberán contar coas especificidades técnicas e de capacidade imprescindibles para garantir un desenvolvemento de calidade da docencia non presencial.

3. Intranet, utilidade que debe permitir virtualmente a xestión do conxunto de relacións e servizos que configuran a xestión administrativa, técnica e económica da universidade e centro, concretamente do seu persoal (PDI e PAS) e das diferentes unidades que a compoñen.

4. Web institucional e dos diferentes centros, departamentos, institutos de investigación, servizos universitarios dirixidos ao estudantado e ao resto da comunidade universitaria, coa calidade tecnolóxica e de accesibilidade necesarias á función de ser concibidos como espazos de información da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto.

5. Dotación de equipamento audiovisual, informático e de rede da internet en todo o aulario e nos laboratorios destinados ao desenvolvemento de prácticas académicas, que garantan que se atenden as necesidades tecnolóxicas que a implementación da docencia poida requirir. Este equipamento deberá responder ás necesidades específicas das diferentes modalidades de ensino (presencial, híbrida, non presencial) en que se implementen as diversas titulacións oficiais que se oferten ou se vaian ofertar.

6. Dotación de aulas de informática para que o estudantado poida recibir docencia, así como elaborar traballos, documentos ou buscar información, relacionados coa súa actividade académica.

7. Servizo de biblioteca e documentación cuxa dotación e capacidade, como mínimo, debe ser coherente tematicamente coas titulacións de grao, máster e doutoramento ofertadas e as súas necesidades de información e bibliografía, así como co número de estudantes matriculados. Así mesmo, deberán dispoñer de sistemas ou

contornos virtuais desenvolvidos para garantir a xestión das demandas e o préstamo, e a dispoñibilidade e acceso á información e documentación en soporte virtual.

8. Dotación de laboratorios e de servizos científico-técnicos concordantes coa programación plurianual de investigación establecida na memoria. Concretamente, esta debe ser coherente cos eixes de investigación estratéxicos fixados e cos grupos de investigación que se declara que se impulsarán ou que xa estean en pleno funcionamento.